



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Laboratorio de materiais

Materia	Laboratorio de materiais			
Código	P06G450V01103			
Titulación	Grao en Deseño			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	García González, Silvia			
Profesorado	García González, Silvia			
Correo-e	silviagarcia@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>A materia céntrase no recoñecemento, claseificación, creación, manipulación de materiais e soportes, co obxectivo de capacitar aos estudantado para abordar proxectos de deseño gráfico e deseño de moda desde unha perspectiva máis ampla.</p> <p>A través da análise e a experimentación, o alumnado poderá familiarizarse coas técnicas, a terminoloxía e as linguaxes técnicas asociadas, así como coa preparación de materias e soportes que lles permitirán abordar futuros procesos creativos e producións que poidan involucrar a colaboración con outros profesionais</p>			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A5	Desenvolver aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C11	Comprender e manexar os aspectos volumétricos, tridimensionais e construtivos na súa dimensión virtual a través do modelado 3D.
C14	Coñecer os materiais, procedementos e técnicas asociados a cada linguaxe creativa específica, así como o vocabulario e os conceptos inherentes a cada técnica artística particular.
D3	Coñecer as bases da sostibilidade e o compromiso ambiental co obxectivo de facer un uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Identificar e clasificar materiais básicos: soportes gráficos, soportes plásticos e materiais téxtiles.	A5	C11 C14	D3
Adaptar, manipular e modificar materiais para o seu uso como soporte de creación plástica.	A5	C11 C14	D3
Experimentar para a creación de propostas de deseño a partir da transformación de materiais sostibles con procesos artesanais e dixitais.	A5	C11 C14	D3

## Contidos

Tema	
Materia e material	Tipos e características dos materiais Selección de materiais
Recoñecemento e análise básico de materiais: soportes gráficos, soportes plásticos e materiais textis.	textura, cor, peso, opacidade, flexibilidade, durabilidade
Transformación básica e experimentación con materiais e materiais sostibles.	Obradoiro: técnicas e procedementos de intervención e manipulación.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais

Lección maxistral	8	20	28
Estudo de casos	7	25	32
Saídas de estudo	4	0	4
Resolución de problemas de forma autónoma	31	50	81
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Estudo de casos	2	0	2
Observación sistemática	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	A sesión maxistral será o comezo de cada unha das clases, centrada en expoñer os conceptos e ferramentas de manexo de técnicas e materiais que posteriormente o alumnado desenvolverá esa sesión a modo de prácticas no taller.
Estudo de casos	Unha vez finalizada a sesión maxistral, espérase que os estudantes realicen unha análise exhaustiva dos recursos presentados e experimenten coas diferentes técnicas, soportes, materias e materiais. O obxectivo principal é assimilar os conceptos abordados durante a clase e descubrir novas posibilidades creativas a través da aplicación dos recursos no obradoiro. Deberán levar constancia de toda a experimentación a través dun caderno de campo onde reflecta a traxectoria na materia.
Saídas de estudo	Saídas de estudo co alumnado para revisar con técnicos especialistas en centros de produción de referencia materiais e soportes.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado deberá realizar un proxecto global con forma que demostre a asimilación de contidos da materia e a súa aplicación persoal de maneira creativa e tecnicamente correcta. Valorarase o proceso de investigación con técnicas e materiais, o nivel de acabado e o risco na experimentación.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	En base ao traballo por parte do alumnado na resolución de problemas de forma autónoma, realizarase unha atención personalizada para cada exercicio, propoñendo correccións, propostas de mellora e opcións de realización
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	En base ao traballo por parte do alumnado na resolución de problemas dentro da aula, realizarase unha atención personalizada para cada exercicio, propoñendo correccións, propostas de mellora e opcións de realización
Observación sistemática	O docente realizará unha observación sistemática do alumnado dun xeito individualizado, valorando a súa asistencia, a participación activa na aula, a proactividade ante os exercicios plantexados e o respecto polo material e equipamento das aulas.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución de tarefas e exercicios puntuais nos que se valorará o proceso de investigación e o nivel e de acabado. A achega dunha linguaxe persoal á proposta e a adecuación a aplicacións dentro do ámbito do deseño gráfico e o deseño de moda.	40	A5 C11 D3 C14
Estudo de casos	Caderno de campo. Avaliación progresiva da asimilación de contidos, da calidade técnica, da iniciativa na experimentación e a procura propia de recursos.	40	A5 C11 D3 C14
Observación sistemática	Valorarase a asistencia, o grao de interese, o seguimento de exercicios e a participación activa na materia, así como a evolución na traxectoria do curso.	20	A5 C11 D3 C14

### Outros comentarios sobre a Avaliación

No desenvolvemento da materia utilizarase unha metodoloxía de avaliación continua baseado na combinación das seguintes tipoloxías de actividades:

- Estudo de casos 40%
- Resolución de problemas e/ou exercicios 40%
- Observación sistemática 20%

## Metodoloxía de avaliación global

A elección da modalidade global de metodoloxía significará que o alumnado deberá presentar e superar o mesmo número de traballos e segundo as mesmas características requiridas na metodoloxía global. Os exercicios deberán presentarse nun exame final, a desenvolverse durante o período oficial de exames. A data e hora será comunicada a comezo de curso no cronograma da materia.

Neste caso, a avaliación será da seguinte maneira: Estudo de casos: 20%  
Resolución de problemas de forma autónoma: 40%

Exame: 40%

## Convocatoria extraordinaria

Na convocatoria extraordinaria o alumnado deberá presentar e superar o mesmo número de traballos e segundo as mesmas características requiridas na metodoloxía global. Os exercicios deberán presentarse nun exame final, a desenvolverse durante o período oficial de exames. A data e hora será comunicada a comezo de curso no cronograma da materia.

A avaliación será da seguinte maneira:

Estudo de casos: 20%

Resolución de problemas de forma autónoma: 40%

Exame: 40%

A non presentación dalgún dos exercicios suporá o suspenso da asignatura, tanto en convocatoria ordinaria como extraordinaria.

Datas de avaliación:

Poden consultarse todas as datas das probas de avaliación aprobadas polo centro na dirección:  
<https://deseno.uvigo.gal/horarios-calendarios-avaliacions-gd-gal/>

---

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

Sherin, Aaris, **Sostenible. Un manual de materiales y aplicaciones prácticas para los diseñadores gráficos y sus clientes.**, 8425223229, Gustavo Gili, 2009

Anderson, Chris, **Makers la nueva revolución industrial**, 9788496627703, Empresa Activa, 2013

JANINE M. BENYUS, **BIOMIMESIS: COMO LA CIENCIA INNOVA INSPIRANDOSE EN LA NATURALEZA**, 9788483833995, TUSQUETS EDITORES, 2012

Javier Peña, **Selección de Materiales en el Proceso de Diseño**, 978-84-931329-8-9, EDICIONES CPG, 2009

Juan José Rodríguez Rodríguez Jesús García Jiménez, **Materiales de Producción**, 9788469751190, Editorial aral, 2017

### Bibliografía Complementaria

José Manuel Fernández Zapico, **La Fabricación de las Materias Papeleras**, 978-84-931329-5-8, EDICIONES CPG,

---

## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Laboratorio integrado: Procedementos I/P06G450V01107

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Expresión artística: Fundamentos da cor/P06G450V01106

Expresión artística: Fundamentos do debuxo/P06G450V01102

Fundamentos do deseño I/P06G450V01104

---

## Outros comentarios

non hai